

# Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

## ACTA

Acta aprobada na xuntanza do día 27/04/2016

Data	16/12/2015
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria) <span style="background-color: #800040; color: white; padding: 2px;">Fin da xuntanza</span> 20:40h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presidente, Olga Alonso Suárez</li> <li>• Vicepresidente, Antonio Vázquez Vázquez</li> <li>• Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias</li> <li>• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez</li> <li>- Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Purificación Bernárdez Álvarez</li> <li>• Anxos Collazo Trigo</li> <li>• Santiago Rodríguez Sánchez</li> <li>• Ángeles Crespo Fuster</li> <li>• José Casas Freire</li> </ul> </li> <li>- Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mª Jesús Granja Pereira</li> <li>• Mª Bertila Fernández Pérez</li> <li>• Mª del carmen Rivas Corbacho</li> <li>• Luisa Rivas García</li> <li>• Yolanda González Larrañaga</li> <li>• Fernando Vázquez González</li> <li>• Yvonne Bouzas Casas</li> <li>• Hadriana Prado Lorenzo</li> <li>• Nicolás Fernández Chantada</li> </ul> </li> <li>- Sector social: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Esperanza Dacosta Dapena</li> <li>• Carlos Bacelo Bacelo</li> <li>• Jose Álvarez Carpintero substituíndo a José Manuel Rodríguez Lago</li> <li>• Antonio Vázquez Vázquez</li> </ul> </li> </ul>
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado</li> <li>• Sector docente: Antonio Madrid Risquez</li> <li>• Sector docente: Rafael Dominguez de la Iglesia</li> <li>• Sector docente: Eudosia Deza Soto</li> <li>• Sector docente: Cristina López Lobariñas</li> <li>• Sector usuarios: Alberto Prado Lechuga</li> <li>• Sector social: Xabier Pérez Igrexas</li> <li>• Sector social: Javier Sánchez Álvarez</li> <li>• Sector social: Cándido Cabaleiro Paz</li> </ul>
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sector social: Isabel López Lorenzo</li> <li>• Sector social: José Luis Sanz Escribano</li> <li>• Sector social: Mª Teresa García Durán</li> </ul>
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).

## Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
2. Informe da Presidenta do CEMV
3. Informes das comisións de traballo
4. Propostas e mocións da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa e da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa:
  - Atención educativa domiciliaria.
  - Equipamentos Escolas Infantís 0-3 anos
  - Inspección Técnica de Edificacións (ITE) específica para centros educativos
  - Aumento da oferta de Ciclos de Formación Profesional.
5. Rogos e suxestións

## Intervencións realizadas e acordos adoptados

### 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

### Acordo

Acórdase aprobar a acta da Xuntanza Ordinaria do 21 de outubro de 2015

### 2.- Informe da Presidenta do CEMV

A Presidenta comeza o seu informe explicando que o día 9 do mes en curso se levou a cabo a probación definitiva do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016 por importe de 225,9 millóns de euros. Explica que hai un incremento económico sobre 2015 do 7,8% para o **Servizo Municipal de Educación ao que se asigna un orzamento de 12.687.659,03€**. Pasa a explicar esta cuestión de xeito detallado:

**UNED:** Ata o de agora contábase con 5 graos: Dereito, Educación Social, Turismo, Enxeñería en Informática e Enxeñería en Tecnoloxía da Información. Para o próximo cursos súmanse 8 titulacións máis que xa están aprobadas: Ciencias Ambientais, Estudos Ingleses, Lingua, Literatura e Cultura, Psicoloxía, Administración e Dirección de Empresas, Pedagogía, Xeografía e Historia, Historia da Arte e Ciencias Políticas e da Administración. O orzamento previsto é de 781.200,29€. Informa ademais que se vén de firmar o contrato de aluguer de novas aulas. Explica que ata o de agora estiveron ocupando un espazo nun edificio do Casco Vello que pertencía ao bispado. Ao medrar a UNED, este espazo queda pequeno polo que se fixo un estudo das novas necesidades para buscar un local municipal que fose axeitado. Non habendo ningún espazo propio, decidiuse usar aulas de alugueiro en tres plantas do Auditorio Mar de Vigo. Un dos espazos será destinado a sala de estudo para que poida ser usada por todos os estudantes que a precisen, sexan ou non alumnos da UNED.

**EMAO.** Esta escola estaba funcionando dentro do Concello como organismo autónomo igual que o IMD e Vigozoo. A 31 deste mes desaparecen como OA, e pasan a formar parte directamente do Concello. O funcionamento da EMAO segue sendo o mesmo, e o orzamento con tódalas especialidades cubertas é de 1.326.269,80€. Explica que durante este ano se fixo un concurso oposición para cubrir 4 especialidades que non tiñan mestre e que se sacou praza de interino para estas durante 3 anos.

Continúase co traballo nas **Escolas Municipais de Ensinanzas Artísticas non regradas**, EM Música, E-Trad, EM Teatro, EM Danza, que teñen matriculados preto de 1500 alumnos/as. A dotación orzamentaria é de aproximadamente 900.000€. Estas escolas, ademais do seu labor docente, levan a cabo unha serie de programas educativos dos que se beneficia toda a cidadanía. Celebran os seus festivais, no Nadal fan actuacións na rúa, no 2016 de xaneiro a maio desenvolverán concertos didácticos no auditorio do Concello, teñen cursos monográficos abertos para alumnado que non está matriculado e levan a cabo as Xornadas Municipais de teatro escolar. Está pendente unificar as ordenanzas fiscais que afectan a cada unha, xa que actualmente hai escolas onde só se paga a matrícula, outras onde se paga cada mes,...

Está previsto o aumento de equipamentos da **Rede de Escolas Infantís Municipais** de 0-3 anos (REIM). Actualmente integrada por 6 Escolas Infantís que escolarizan a preto de 460 escolares, engadirá en breve a EIM “Mestres Goldar”, e a EIM “Navia” con 150 escolares máis. A dotación orzamentaria destas é de aproximadamente 1.700.000€. Explica que tiveron unha solicitude da Fundación Amancio Ortega para construír unha escola de 0-3 anos en convenio coa Xunta, para o que solicitaron cerca de 2.500m<sup>2</sup> de solo. Informa de se está estudando se hai un espazo destas características con uso educativo. Explica que nas EI existe ademais hai un programa de atención temperá para atender a rapaces con necesidades educativas especiais.

Continúase cos labores de **conservación, mantemento, reforma e adecuación e mellora das infraestruturas escolares dos centros públicos**, tentando racionalizar as intervencións e buscando unha maior eficiencia no gasto de mantemento, pequenas reparacións, alarmas, ascensores, calefaccións, limpeza e consumos enerxéticos dos centros educativos públicos de educación infantil e primaria. Para isto a dotación orzamentaria é de 6.000.000€, o que sería a metade do orzamento total da Concellería.

Explica con referencia aos **porteiros vixiantes** que, como non se pode sacar a súa praza a concurso, se está cubrindo o servizo con persoal que ocupa o posto cada 6 meses, con cargo ao Plan de Emprego.

Continúase a mellorar e reforzar o **Convenio coa FOANPA** para a xestión de comedores escolares, talleres matinais ou aulas madrugga, dinamización de actividades extraescolares,... A dotación orzamentaria neste caso é de aproximadamente 600.000€.

En canto aos programas educativos que desenvolve o Concello destaca **VIGO EN INGLÉS**. Explica que esta partida aumenta considerablemente. Este aumento obedece a que no 2016, ademais da convocatoria de sempre, haberá unha convocatoria extraordinaria para 150 alumnos de 2º de BACH, xa que esta foi unha xeración que quedou sen gozar das bolsas de inglés. O Alcalde comprometeuse con estes estudantes para que puideran beneficiarse do programa e decidiuse que vaian unha vez rematen selectividade, para non prexudicalos. Así pois, ademais dos 420 alumnos/as de 4º ESO irán estes 150 alumnos/as, o que fai un total de 570 prazas ofertadas. Isto supuxo un incremento da partida para este ano que estará dotada de aproximadamente de 1.310.000€. Neste orzamento tamén se inclúen as 47 becas municipais para estancias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV): Londres 34, París 5, Berlín 2, Roma 2, Lisboa 2, Tokio 1 e Pekín 1 .

Outro programa educativo importante é **VIGOEDUCA**, que ten un orzamento de máis de 100.000€, do que a maior parte se destina a transporte en autobús. Ofértase a cada centro un número de desprazamentos dependendo do número de alumnos e das circunstancias do centro para que o alumnado poida realizar visitas de xeito gratuíto dentro da cidade. Xunto cos autobuses, tamén se creou unha páxina web onde o profesorado pode atopar información sobre lugares de interese a visitar así como materiais didácticos que se irán ampliando para que o profesorado poida dirixir as visitas. Comenta que no curso anterior se fixeron máis de 800 visitas o que son máis de 40.000 alumnos.

Outro programa de recente creación e que se desenvolve con notable éxito é **Coñece o teu Concello**, programa específico para que os alumnos de primaria coñezan o funcionamento interno do Concello. Nesta visita, ademais de transporte gratuíto, ofértase monitoraxe.

A Concelleira quere aproveitar para resaltar a colaboración que existe entre a súa e outras Concellarías: Normalización Lingüística desprázase aos centros educativos para realizar diferentes actividades de dinamización da lingua; Emprego colabora con Educación con programas como Vigo Emprega, a través do que se realizan moitas obras de mantemento nos centros; A Concellaría de Mobilidade e Seguridade traballou este último ano na seguridade dos accesos aos centros educativos; A Concellaría de Benestar Social dá bolsas de comedor e libros para o alumnado de Ed. Infantil e de comedor para Ed. Primaria; A Concellaría de Medio ambiente ten unha serie de programas educativos que desenvolven nos coles: ramalladas, reciclaxe,...; A Concellaría de Parques e Xardíns, colabora coa plantación de árbores, colocación de bancos,...; A Concellaría de Deportes coa liga de natación e cross escolar,...

A presidenta do CEMV remata a exposición do seu informe contestando a unha dúbida que quedara do anterior Pleno con respecto ao **EDIFICIO CLUNY** (Rúa Gran Vía 112). Explica que este espazo pertence ao PEP (Plan Especial de Protección) do Ensanche e o edificio non está catalogado polo que non é a conservar, e poden construírse nesa parcela edificacións ou locais destinados ao uso **dotacional asistencial**. O PXOM prevé unha construción de 5 alturas de 17x 14 e no resto da mazá non ocupada pola edificación considerarase zona verde de uso privado. O

propietario da parcela, que dispón de licenza de derrubo e edificación, a Promotora “Intercentros Ballesol” especializada en residencias para maiores, ten proxectado construír un xeriátrico para 110 prazas de internos/as, cun investimento de 10 millóns de euros, e baixo a dirección de obra do arquitecto César Álvarez Arines.

Rematado a exposición do informe, ábrese unha rolda de preguntas. José Álvarez, en representación da CECE, pregunta se con relación á UNED se valorou a posibilidade de usar o Hospital Xeral. A Concelleira explica que non, xa que esa dotación é de uso asistencial, non educativo, e ademais xa se leva facendo o estudo máis dun ano.

Santiago Rodríguez comenta que lle chaman a atención algúns aumentos no orzamento moi evidentes coma o das aulas internacionais que se duplica mentres hai partidas que non se moven: reparación de edificios, comedores de Foanpas, Vigoeduca,... sendo estas ademais moi inferiores. Gástase máis do dobre nas aulas internacionais no 2016 que o que son as reparacións dos centros, o cal é curioso xa que sendo os edificios un ano máis vellos o normal é que requiran maior mantemento e reparacións. A E-Trad con relación ao curso pasado ten unha redución dun 40%. A EMMUS tamén ten unha redución duns 11.000€. Son cifras que lle chocan xa sen entrar en se é máis conveniente que o Concello gaste tanto en programas como o de Vigo en Inglés, que ten unha repercusión “tan espectacular”, e se gaste tan pouco en actividades que afectan a un número de estudantes moito maior e que no fondo repercuten a máis longo prazo no alumnado como é a educación musical.

A Presidenta explica que con respecto a Vigo en Inglés, se ve moi incrementado o orzamento debido a convocatoria extraordinaria que xa comentou. Explica que no curso pasado houbo 416 prazas e este ano a oferta ordinaria é similar, 420 prazas. O que sube son os alumnos/as de bacharelato que van ir excepcionalmente. En canto ás escolas de ensinanza artística, Olga explica que se saca a concurso a súa xestión. O Concurso da Escola de teatro xa se fixo durante o 2015, pero a E-Trad, EMMUS e a Escola Municipal de Danza remataron a contrato agora en setembro de 2015, polo que para non paralizar o curso se fixo uso dunha prórroga que o contrato permite facer, ata o mes de xuño. O orzamento é pois menor xa que só contempla no 2016 ata ese mes. En canto se redacte o novo prego polo tempo que corresponda, definirase a contía económica polo período que se estableza. Pero os orzamentos so fan referencia nestas tres escolas ao período xaneiro-xuño 2016. Fernando Vázquez representante de SURGAPA, pregunta se isto das escolas de música tamén afecta aos conservatorios, ao que Olga lle explica que so están referíndose as escolas de titularidade municipal, e que os conservatorios en Vigo dependen da Xunta. Antonio Vázquez, explica que so dependen da Xunta en Galicia 9 conservatorios: 7 de grao medio nas principais cidades e 2 superiores, en Vigo e Coruña. Nos Concellos o que se fan son Conservatorios Municipais que están conveniados coa Xunta dalgunha maneira e que funcionan con profesorado dependente dos Concellos. No caso de Vigo tanto o conservatorio profesional coma o superior dependen da Xunta.

Purificación Bernárdez, representante do sector docente de CCOO, comenta con respecto a EMAO que lle parece moi ben que deixe de ser OA e pasen a formar parte do Concello e pregunta se eses catro postos que se cubriron recentemente se correspondían cos únicos profesores que faltaban, se lle pode aclarar un pouco máis.

En canto á solicitude da Fundación Amancio Ortega, pregunta cal sería o papel do Concello e cal o da Xunta no proceso. Con respecto aos porteiros vixiantes, quere saber porque non se poden convocar esas prazas e no tocante a UNED, pregunta se xa neste ano se van a comezar cos novos ciclos e se xa se vai dar traslado ao Mar de Vigo. No mesmo sentido, Nicolás Fernández, representante do alumnado, pregunta se xa se poden consultar nalgún lugar os novos graos que vai a haber na UNED Vigo, se xa aparecen na WEB e se se contemplan graos conxuntos, dobres titulacións.

Olga explica que, con respecto aos traballadores da EMAO, a lei non permite renovar os postos de traballo. Había tres prazas cubertas con profesores interinos que remataban e a estas sumouse outra praza dun profesor que se xubilou. Polo que houbo 4 oposicións para cubrir estas prazas. Ao non haber un catálogo de postos de traballo que contemplan estas prazas non se poden cubrir doutro xeito. Estas catro persoas están agora como interinos por tres anos. En canto á Fundación Amancio Ortega, o Concello aporta o solo, a Fundación constrúe e dota ao centro e a Xunta xestiónao. Jose Álvarez pregunta se é necesario construír esta escola tendo en conta a caída da natalidade. Olga explica que a demanda de 0 a 3 é moi grande e que ademais hai máis familias que solicitan este servizo para poder conciliar.

En canto ás preguntas sobre a UNED a Presidenta explica que na Web actualmente só aparecen as cinco titulacións que xa estaban en funcionamento e que son as que se poderán cursar este ano. Os novos graos xa están aprobados e en principio, se as obras van como teñen que ir, contan que se poidan comezar con eles no curso 2016-2017. Comenta ademais que non se contempla que existan dobres titulacións xa que só se poden solicitar os Graos que se imparten en Pontevedra.

No tocante aos porteiros vixiantes, o Secretario explica que desde o servizo municipal de educación hai 50 persoas que están a desenvolver as tarefas de mantemento preventivo e ordinario dos centros de ensino público de infantil e primaria. Ata fai pouco había unha normativa estatal que impedía que se fosen repoñendo estas prazas cando se fosen xubilando, agás un 10% nas áreas de sanidade e educación. Explica que nos últimos anos se xubilaron en torno a 14 persoas sen que estas prazas saíran a concurso. Agardan que en breve se poidan convocar, pero mentres tanto están sendo ocupadas por persoal do plan de emprego, que están apuntados nunha lista de agarda. Estes só poden ser contratados durante seis meses e cando este período remata contrátase a outras persoas durante outros seis meses.

En canto ás obras que Santiago comentaba, Olga explica que as que se refiren a mantemento as desenvolven os propios porteiros vixiantes, pero as que realmente demandan os centros, cambios nos tellados, ventás, adecuación de espazos,... que son de maior envergadura, esas non lle competen ao Concello senón á Xunta. Explica que de tódolos xeitos o orzamento en obras de mantemento non se incrementa xa que a día de hoxe, como explicou antes, só se están gastando os materiais porque as obras se fan a través de Vigo Emprega, co que supón o aforro de persoal.

### 3.- Informes das comisións de traballo

Yolanda González Larrañaga representante de SURGAPA e membro da Comisión Pedagóxica toma a palabra para presentar o traballo feito ata o momento. O informe é o que segue:

#### INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa fixo a primeira reunión desta etapa do CEMV o pasado 12 de novembro, que serviu de toma de contacto entre os novos membros. Nela tomouse a decisión de presentar unha moción na seguinte sesión plenaria sobre a atención educativa domiciliaria e hospitalaria.

Manifestouse a intención de seguir a traballar pola convivencia escolar. Conscientes da violencia que se xera entorno a os campionatos de deporte infantil, esta comisión está interesada en levar a cabo algunha iniciativa con respecto ao deporte e convivencia, en colaboración coa Concellería de Educación, Concellería de Deporte, IMD,... Esta pode ser unha actuación que se inicie agora e cunha duración dun ou varios cursos escolares.

Asemade esta Comisión quere facer fincapé en que se visibilice todo o referente a este órgano colexiado: acordos tomados, programas que se organicen, cuestións que se sometan a debate,... facendo que se reforce o carácter consultivo do órgano que parece perdido. Para isto propoñen facer unha rolda de prensa aos medios de comunicación e facer reunións de presentación con diferentes integrantes da comunidade educativa: profesorado, asociacións de veciños, ANPAS,...

---

Rematada a exposición de Yolanda González, Esperanza Dacosta presenta o informe da Comisión de Equipamentos:

#### INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E DE PLANIFICIÓN EDUCATIVA

A Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa fixo a primeira reunión desta etapa do CEMV o pasado 18 de novembro. Nela acordouse presentar as diferentes propostas e mocions na seguinte sesión plenaria:

- Petición á Consellería para que se fagan unas ITES específicas nos centros educativos
- Petición á Consellería para que aumente a oferta da FP
- Petición para que se amplíen as prazas de escolas de 0 a 3 anos.

Esta Comisión quere seguir traballando na liña iniciada nos cursos anteriores no que respecta á zonificación e mapa escolar. Para isto consideramos necesario facer unha análise poboacional da cidade na que se estableza a previsión de crecemento por zonas. Esta análise debería ser realizada por un organismo con capacidade, polo que sería interesante volver a facer a petición de colaboración á Universidade de Vigo (Departamento de Xeografía humana) ou ao Eixo Atlántico. Outra opción sería que o Concello contratase cunha consultora externa este traballo. Deste xeito adiantaremos traballo para cando este órgano volva a ser consultado pola Consellería sobre algunha modificación na zonificación.

Asemade, esta comisión, sendo consciente das deficiencias en canto a accesibilidade que hai en moitos dos centros educativos do Concello, quere facer unha análise do estado actual dos equipamentos educativos, facendo fincapé no referente ás barreiras arquitectónicas. Enviaírase un formulario aos centros educativos desde a Comisión para recoller información sobre o estado dos seus centros. O formulario contará coas seguintes preguntas:

- *Considera que no seu centro existen barreiras arquitectónicas que o converten nun centro non accesible?*
- *Indique cales son esas barreiras:*
- *Máis alá das barreiras arquitectónicas, considera que as instalacións do seu centro teñen outras deficiencias salientables?*
- *Indique cales:*
- *OBSERVACIÓNS:*

Por último, queremos lembrar que este órgano ten carácter consultivo polo que sería imprescindible que a Concellaría de Educación o teña en conta desde o momento de xestación das súas actuacións, non limitándose a informar das accións cando xa están para ser executadas ou en execución.

---

Bertila Fernández comenta que lle parece moi axeitado que se faga a enquisa nos centros para valorar se hai barreiras arquitectónicas, pero solicítalle á Comisión que se inclúan ademais no estudo as barreiras sensoriais. Explica ademais que en FOANPAS tiñan un proxecto para avaliar a situación dos centros tamén neste sentido e que pretendía ser un estudo que se fixese implicando a toda a comunidade educativa, no que participasen ademais de docentes e equipos directivos, as familias e o alumnado. Pensan que esa sería unha forma de recoller datos e ademais de sensibilizar á comunidade. Comenta que se se fai esta enquisa partindo do CEMV sería tamén bo que se implicase a toda a comunidade educativa, e suxírelle á Com. de Equipamentos que introduza a posibilidade de que os equipos directivos cubran a enquisa tendo en conta a nais e pais, alumnado,...

A Presidenta comenta que lle parece moi interesante a idea da Com. Pedagóxica de facer algunha actividade en relación á Convivencia e sobre todo facendo fincapé no deporte onde lle consta que se xeran moitos conflitos. En canto á visibilización do CEMV, informa de que ademais de seguir enviando as mocións e actas aos organismos e entidades pertinentes, que se vai facer o posible por que toda esta información chegue á prensa. Explica que na Permanente se falou da posibilidade de facer unha rolda de prensa para presentar a nova composición do CEMV, pero que se desestimou polo de agora ao estar en plena campaña electoral, pero que se retomará esta cuestión. En canto á solicitude que fai a Com. de Equipamentos de que informe ao Pleno con antelación antes de tomar decisións, explica que ao facerse só unha xuntanza por trimestre, isto é complicado, xa que hai decisións que hai que ir tomando. Así e todo informarase previamente na medida do posible.



#### **4.- Propostas e mocións da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa e da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa:**

Comeza Bertila Fernández presentando a Moción sobre a atención educativa domiciliaria:

##### **ANTECEDENTES**

No curso 2000-2001 púxose en contacto con FOANPAS a nai dun neno escolarizado nun centro público da nosa cidade, doente de cancro, en concreto dunha leucemia.

Solicitaba información sobre se tiña dereito a atención educativa domiciliaria. Naquel entón non estaba lexislado este dereito, e foi entón cando dende FOANPAS, ante esta necesidade e carencia, iniciamos un proceso de demanda do servizo, xunto cun grupo de nais de nenos doentes de leucemia, a “Asociación de loita contra o cancro” e “Nais en acción”.

Foi un ano de longas noites, e días de loita, pero conseguíuse, e no ano 2002 nace a Orde do 27 de Decembro de 2002, que regula este dereito, e posteriormente no ano 2011 aparece o Decreto.

##### **TEXTO**

Ante a precariedade deste Servizo, que actualmente, na nosa cidade, demandan oito alumnos/as de Primaria e Secundaria, sendo atendidos por soamente unha mestra de Primaria, e ante a protesta de Nieves Villar, natural de Malpica e nai dun neno doente de cancro, consideramos, iniciar un novo proceso que garanta a asistencia domiciliaria e hospitalaria do alumnado da nosa comunidade autónoma.

A precariedade do servizo inflúe no deterioro da calidade, xa que a maior número de demandas, menor é o número de horas de clase impartidas a cada alumno.

Ademais existen diferenzas entre cidades: En Ourense un neno recibe 15 horas de clase semanais. Na Costa da Morte, un neno recibe 1 hora e media de clase semanal, etc.

No caso de Vigo, este servizo está en mans dunha soa persoa, unha mestra de educación primaria, polo que non pode responder ás necesidades do alumnado de educación secundaria, que precisa de profesores especialistas.

Por todo o exposto solicitamos:

- Unha normativa acorde ás necesidades actuais e que garanta a igualdade (número de horas, tipo de profesionais, equipas, formación, coordinación, documentación, trámites a realizar, prazos reducidos...)
- A constitución dun equipo de profesionais (mestres Primaria, profesores Secundaria, especialistas, pedagogos,...) que valoren a situación do neno/a, conxuntamente co equipo sanitario que o/a atende. Os/as profesionais de atención educativa domiciliaria teñen que ser mestres

específicos para este servizo, coa preparación académica e emocional axeitada que lles permita xestionar a situación coa que se van atopar.

- Seguimento e conexión coa aula hospitalaria.
  - Interconexión: Sanidade, Equipo Atención Domiciliaria, Aula Hospitalaria.
  - Atención non soamente educativa, senón traballar a xestión das emocións, psicomotricidade, expresión plástica e artística, etc. para a mellora da autoestima do neno/a.
  - Profesorado e especialistas para alumnado de Secundaria.
  - Novas tecnoloxías adaptadas á situación.
  - Atención á diversidade.
- 

Bertila explica que acaba de saír un protocolo novo de atención domiciliaria, pero que non consideran que cubra os dereitos deste alumnado. Lembra que a Consellería de Educación incumpre un dereito básico que é o dereito a educación, xa que non garante que estes nenos estean escolarizados. Ademais lembra que son casos especiais, que moitas veces son nenos e nenas que conviven coa morte e que necesitan que se faga con eles un traballo emocional moi duro. Non se pode desde un despacho dicir se o rapaz necesita unha ou dúas horas de matemáticas, é preciso contar coa opinión dos profesionais que levan atendendo a este alumnado anos, xa que eles saben cales son as súas necesidades e as das súas familias. É por isto que se solicita que se traballe de forma conxunta, que se faga unha mesa de traballo que avalíe cada caso segundo as súas necesidades.

José Álvarez Carpintero comenta que na moción se podería engadir que estes anos de estudos se recoñezan oficialmente, que se examinen aos rapaces e non teñan que perder curso.

Nicolás Fernández, representante do alumnado, comenta que cos recortes que se fixeron recentemente en Educación, que é probable que esta situación se agravara. Pensa que a frase “pedir un dereito” é totalmente incoherente.

Antonio Estévez, Representante da Administración Educativa, comenta que a cuestión do neno da Costa da Morte é algo puntual. Di que estivo facendo unha consulta é que na actualidade hai un equipo de dúas mestras que atenden a 9 alumnos e que como mínimo os atenden 5 horas, están todo un día con eles. Na atención hospitalaria tamén hai 2 persoas e estas tampouco trasladan que se precisen máis recursos.

Bertila Fernández informa de que a realidade que transmiten as familias é que 5 horas son insuficientes. Lembra ademais que agora hai dúas mestras para 9 alumnos pero que o curso comezou e estivo moito tempo unha mestra soa con 6 alumnos, e que ademais estas mestras son de Ed. Primaria e hai alumnado en atención domiciliaria de secundaria. Bertila di que todo isto se solucionaría se a Consellería escoitase pero que dá a sensación de que non lles parece importante.

José Casas, representante do STEG, comenta que el é o director do centro onde teñen a base as mestras de atención domiciliaria, e que dá a sensación de que están alí para que a Consellería poida dicir que existe un servizo de atención domiciliaria, porque a realidade é que o servizo é un desastre, e non o di polas docentes. Elas botan na medida do posible unha mañá con cada neno, pero a casuística que rodea a estes nenos e tan variada que as veces isto nin sequera é posible. Inspección educativa non sabe moi ben cal é o protocolo a seguir e o centro menos, xa que el mesmo recoñece que cando ao inicio do curso foi o inspector e lle dixo que ía ter

asignada a mestra de atención domiciliaria non sabía o que iso significaba. Claro que e lle preguntou como sería o procedemento, xa que era a primeira vez que se lle daba este caso, e o inspector tampouco soubo explicarlle. Hoxe os casos que hai, incluídos os de secundaria, están atendidos, pero daquela maneira. Está claro que tiña que haber unha mesa de especialistas que analizasen cada situación para traballar con cada neno da mellor forma posible, para o que habería que dotar de mais recursos. Sendo as 19:15 Carlos Bacelo auséntase da xuntanza. Rematado o debate, a Presidenta somete a moción a votación.

#### Acordos adoptados

Apróbase a moción sobre atención domiciliaria con 17 votos a favor e 1 abstención e decídese remitila á Consellería de Educación

Esperanza Dacosta presenta a seguinte moción sobre as Escolas Infantís 0-3 anos.

#### ANTECEDENTES

A escolarización infantil de crianzas de 0 a 3 anos xoga un papel cada vez de maior relevo a nivel social, tanto polo que supón de reforzo pedagóxico e estímulo en idade temperá como polo seu efecto como viabilizadora da conciliación da vida laboral e familiar/persoal.

Porén, a oferta pública de prazas en escolas infantís na nosa cidade é manifestamente insuficiente. Malia o esforzo realizado a nivel municipal nos últimos anos, coa apertura de novos centros, continúan a ser moitas as familias que fican sen obteren praza. Así o visan as enormes listas de agarda existentes na práctica totalidade de cursos das escolas infantís municipais, e tamén naquelas que son de titularidade autonómica. Nos listados definitivos de admisión para o presente curso 2015-2016 recóllese que 746 nenos e nenas ficaron sen praza nas escolas infantís municipais, o que representa o 63,81% das 1.169 solicitudes realizadas.

Unha realidade inda máis grave no caso das escolas infantís de titularidade autonómica, quer do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar quer da Axencia Galega de Servizos Sociais, nas que as súas listas definitivas recollen que hai 1.030 crianzas en lista de agarda, o que representa un 264,78% sobre as solicitudes admitidas. A falla de investimento da Xunta en ampliaren a oferta pública de prazas de 0-3 anos na nosa cidade ameaza con cronificar o problema.

Ademais, vemos como a oferta continúa sen se axustar á demanda crecente, sobre todo en barrios e contornas que salientan pola súa elevada natalidade en comparanza coa media xeral da cidade e de Galiza. Ampliar a oferta educativa pública de 0 a 3 anos suporá ademais unha aposta decidida polo reforzamento do sistema educativo público no seu conxunto.

#### TEXTO:

Polo exposto, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa do Consello Escolar Municipal de Vigo, propón que se adopten os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Instar á Concellaría de Educación do Concello de Vigo a realizar un mapa de necesidades educativas de 0 a 3 anos na nosa cidade, contando coa colaboración desta comisión para a súa elaboración. Ese traballo terá que servir de guía que

obxectivos as necesidades de cara a as afrontar por parte das administracións públicas, tanto municipal como autonómica, a través de respectivos planos de investimentos interanuais.

**Segundo.-** Trasladar a Xunta de Galiza e ao Concello de Vigo a necesidade de ampliaren a oferta de prazas públicas para a escolarización de 0 a 3 anos na nosa cidade, a través do reforzo ou ampliación dos centros existentes e da construción de novas escolas, demandando a tal efecto que se consignen as partidas económicas necesarias nos seus orzamentos para os vindeiros exercicios.

**Terceiro.-** Instar a Xunta de Galiza e ao Concello de Vigo a estudar fórmulas que permitan ampliar no curto prazo a oferta de prazas actual nas escolas municipais en horario de mañá, por ser a faixa horaria máis demandada.

**Cuarto.-** Dar publicidade aos anteriores acordos unha vez estes sexan definitivamente ratificados polo organismo preceptivo.

---

Olga Alonso inicia o debate dicindo que é posible que os datos que se presentan acerca do número de solicitudes non sexan exacto xa que o normal é que os pais fagan máis dunha solicitude polo que é probable que estean algo alterados. Di que de tódolos xeitos, a día de hoxe a demanda supera con creces a oferta de prazas e é verdade que neste sentido hai un problema.

Jose Álvarez pregunta se non hai escolas privadas que poidan atender esta demanda, xa que el está case seguro que estas saen máis baratas que as públicas. Pensa que é máis fácil e ten menos compromisos para o Concello concertar con outras escolas que construír e xestionar as municipais.

Antonio Vázquez pide que cando se faga ese tipo de afirmacións que se presenten probas, que el leva anos escoitando que o ensino concertado lle costa menos ás administracións e non entende en que se basean para dicir tal cousa. Indígnalle un pouco que se adopte esa aptitude porque xa nas reunións anteriores e nas comisións de traballo se falou de ir limando asperezas e traballar desde a conciliación entre escola pública e privada e pensa que estes comentarios volven a xerar conflito.

A Presidenta intervén para aclarar que o sentido da moción está claro, que é que faltan escolas de 0-3 anos e que iso é unha realidade. Ademais xa comentou que desde o Concello están dispostos a colaborar con outras iniciativas máis alá da municipal, como é o caso da petición da Fundación Amancio Ortega.

Antonio Vázquez comenta que para el a fórmula desta Fundación é axeitada e di que todas as entidades privadas que queiran facer unha escola que a fagan, pero así, que a constrúan e logo cedan ás administracións públicas a súa xestión. O que está claro é que as escolas privadas concertadas, ademais da función educativa teñen un claro carácter de negocio. Non existen as entidades educativas privadas que non teñan carácter empresarial e lucrativo, nestes casos a educación si ten ánimo de lucro. Xa para rematar comenta que segue sen entender porque as escolas de 0 a 3 anos non dependen de Educación e continúan dependendo de Benestar Social, cousa que carece de sentido.

Anxos Collazo, representante da CIG, solicita que o persoal que traballa nas escolas municipais se subroga. Explica que son traballadores que ocupan un posto sensible ao atender nenos e nenas de 0 a 3 anos e que ademais están traballando totalmente en precario, cuns salarios bastante baixos. Olga explica que o tema da subrogación é algo que depende dos convenios laborais, que o Concello non pode meterse aí.

Explica que así e todo ela mesma se reuniu coas traballadoras e estivo vendo cada caso o que provocou que se retrasase o concurso e que houbera que pagar indemnizacións substitutivas, cousa que a Concelleira asume porque para ela era moi importante escoitar ás traballadoras. Explica que se intentou meter unha cláusula nos pregos pedindo que as empresas que se presentasen ao concurso cumpriran o convenio, pero que non se puido porque non é algo que competa ás administracións. O que se fixo foi firmar un acordo na Xunta de Goberno polo que calquera empresa que traballe para o Concello ten que axustarse ao convenio para garantir que os traballadores estean ben pagados. Explica que para eles cando sacan calquera convocatoria intentan que non prime só o tema económico, xa que en educación a calidade é moi importante.

Santiago Rodríguez pregunta se entón no prego non se fixo referencia á subrogación por problemas xurídicos. Olga responde que tanto servizos xurídicos como contratación lles puxeron problemas para usar a palabra subrogación agás que se fixera referencia a ela no convenio colectivo, polo que optaron por introducir ao final un parágrafo e a relación de tódalas traballadoras actuais coa súa antigüidade,... Explican que o contrato comezará o 1 de xaneiro debido aos retrasos explicados pero que cre que merece a pena retrasalo e intentar velar polos dereitos das traballadoras M<sup>a</sup> del Carmen Rivas, representante de FOANPAS, pregunta se as escolas de Ed. Infantil de 3 a 6 que pecharon, o Nogal e a de rúa Palencia, se poderían recuperar para ir dando solución á falta de prazas, pregunta a quen pertencen os edificios. Olga explica que son da Xunta, e terían que pedir permiso á Xunta para facer calquera actuación nelas e dado que segundo a nova lei de réxime local o Concello non tería competencias en materia educativa, isto é complexo. De tódolos xeitos lembra o xa mencionado noutros Plenos, que no caso da Rúa Palencia hai un convenio coa Fundación Igualarte que será a que ocupe o edificio. Nicolás Fernández no mesmo sentido manifesta que non entende que a explicación que se dea a que estas dúas escolas estean valeiras sexa que hai que pedir permiso á Xunta. Pensa que ante esta problemática hai que apartar as cores dos partidos políticos e traballar en común. Olga explica que non é cuestión do goberno municipal porque di que ela mesma fixo dúas chamadas á Xunta fai un ano para ver como estaba o tema das escolas e dixéronlle que ía para adiante e que aínda se segue igual.

Tras esta aclaración vótase a moción:

#### Acordos adoptados

Apróbase a moción sobre escolas infantís de 0 a 3 anos por unanimidade e decídese remitila á Consellería de Educación

M<sup>a</sup> del Carmen Rivas presenta a seguinte moción solicitando que se faga unha Inspección Técnica de Edificacións (ITE) específica para centros educativos:

#### ANTECEDENTES

Os centros educativos, pola súa finalidade, teñen unha serie de equipamentos e infraestruturas específicos que cumprían a normativa vixente no momento da súa construción. Moitas destas normativas foron cambiando ao longo do tempo e hai centros que non se adaptaron a elas (teitos tóxicos,...). Ademais hai moitos centros que non teñen levado o mantemento que require co paso dos anos.

Na actualidade NON hai un seguimento regular do seu estado en canto instalacións, e cando se leva a cabo faise seguindo a normativa xeral de inspeccións de edificacións xa que non existe unha normativa específica para centros educativos, sendo estes, espazos con singularidades e necesidades propias. Por exemplo, os parques públicos das cidades son examinados para verificar que cumpren unha normativa específica, mentres que os parques dos centros educativos non se revisan, ao igual cas instalacións deportivas,...

Xa ten habido casos de accidentes e incluso mortes de alumnos dentro do centro educativo, como por exemplo, por caerlle unha portería enriba, ou incluso centros que arderon, como o acontecido no IES Pedra da Auga en Ponteareas, o pasado martes 24 de novembro, en principio por fallo nun cadro eléctrico.

Asemade hai centros que aínda tendo plan de evacuación, non cumpren coas medidas de seguridade máis apropiadas para o desaloxo do alumnado en caso de sinistro. Pensemos que nun centro atopámonos moitas veces con alumnado de moi diversa idade e a súa mobilidade ou capacidade de reacción non é a mesma.

Por último queremos facer fincapé en que quedan moitos centros sen eliminar as barreiras arquitectónicas para permitir unha accesibilidade a todo o mundo.

#### **TEXTO:**

Por todo o exposto, esta comisión solicita que se lexisle unha normativa de ITE específica e mais completa para centros educativos, que terían que pasar de maneira periódica, en función dos anos do edificio, e obter un certificado de APTO necesario para poder desenvolver nel unha actividade educativa segura. Esta normativa tería que obrigar á Administración correspondente a sufragar as deficiencias que se detectasen nun curto prazo de tempo que permita desenvolver nel ditas actividades.

---

Jose Álvarez comenta que non sabe no ámbito público pero que no sector privado lle consta que este tipo de inspeccións si se fan. Fernando Vázquez comenta que o sentido da moción vai máis alá destas revisións obrigatorias ás que fai referencia José Álvarez que se fan xa por lei como a electricidade. Explica que con respecto a sistemas de evacuación de centro, isto ten que terse en conta na construción do edificio pero unha vez construído, non é obrigatorio que se adapten á nova normativa. Olga Alonso explica que o Concello faille aos centros educativos as mesmas ITES que ao resto dos edificios pero o que non se fai é unha inspección específica, e entende que sería moi útil que se fixera algo pensando exclusivamente nos centros.

Anxos Collazo auséntase da xuntanza sendo as 19:50h

Nicolás Fernández comenta que no seu centro lle teñen dito que entre o falso teito e o tellado hai ratas. Olga explícalle que nos centros de primaria nun caso así que se faría unha desratización desde o Concello, pero non sabe moi ben como se xestiona nun instituto. Antonio Estévez explica que neses casos é responsabilidade do director, que tería que chamar a unha empresa e solucionar o problema con cargo ao diñeiro que

se lle asigna anualmente desde a Consellería, como calquera outra obra de mantemento.

#### Acordos adoptados

Apróbase a moción sobre ITES específicas con 15 votos a favor e 1 abstención e decídese remitila á Consellería de Educación

Antonio Vázquez presenta a seguinte moción solicitando o aumento da oferta de Ciclos de Formación Profesional:

#### ANTECEDENTES

Durante moitos anos en España a Formación Profesional non tivo o recoñecemento que se lle dispensou en moitos dos países do noso entorno europeo, de xeito que o alumnado que non acadaba bos resultados académicos parecía destinado a dito nivel educativo. Pero, aínda que tal consideración ou, quizais, desconsideración parece cousa do pasado, o certo que non se ten acadado o nivel de recoñecemento de países como Francia, Holanda ou Alemaña.

E agora que parece que se vai desterrando tal desprestixio, vemos como nos últimos cursos académicos mozas e mozos vigueses e dos concellos próximos non poden cursar Ciclos Formativos de Formación Profesional pola insuficiencia da oferta ou porque non obteñen praza nas especialidades ou familias profesionais desexadas. Esta situación agrávase polo aumento do paro xuvenil e, ademais, supón outro factor que aumenta o número de xoves que sae fóra de Galicia en busca ben de traballo ben de formación, ou incluso de ámbalas dúas (traballo e/ou formación) simultaneamente.

Asemade, unha cidade da relevancia económica de Vigo demanda man de obra cualificada e formada.

#### TEXTO

Por todo isto, debemos facer un chamamento á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que no próximo curso 2016-17 aumente significativamente a oferta de Ciclos de Formación Profesional tanto de Grao Medio como de Grao Superior no ensino público.

Jose Álvarez pensa que a día de hoxe non se coñecen as necesidades reais de demanda con respecto aos ciclos, polo que hai algúns centros saturados e outros que case non teñen matrícula. Pensa q sería necesario facer unha análise.

Antonio Vázquez di que analizar a FP desa forma tan básica non é tan fácil. Se por exemplo se fai o estudo en función da inserción laboral, o primeiro que hai que ter en conta é que esta é moi baixa pola situación na que está o país. Hai familias profesionais como a sanitaria onde hai unha gran demanda e onde pola contra non hai

moita inserción laboral. Isto en moitos casos é porque esta rama facilita a moitos alumnos e alumnas o acceso a medicina sen pasar pola selectividade. Logo está a casuística propia de Vigo, unha cidade economicamente tan importante que só por iso xa debería ter representación de tódalas familias profesionais. Por outra banda non tería sentido quitar ciclos porque puntualmente descendera a matrícula xa que dan servizo á cidade e as zonas dos arredores. Por exemplo o Ciclo de Imaxe e Son, so hai o grado superior en Vigo e Coruña. Se se quita o de Vigo por que baixa a matrícula obrígase a calquera alumno da cidade e de toda a área de influencia a ir a Coruña ou a estudar de xeito privado no Marcote, e o estado ten que garantir que todos os alumnos teñan dereito a estudar na pública. Logo se deciden ir á privada é unha elección persoal. En definitiva, que a FP require un estudo moi minucioso que vai máis alá do número de alumnos matriculados nun momento dado.

Antonio Estévez comenta que é complexo cubrir nas grandes cidades toda a demanda que hai. O mesmo que pasaba nas EI. O ideal sería que houbese máis centros dotados, pero é moi complicado xa que os centros de FP requiren unhas condicións, un terreo que non hai,...

Antonio Vázquez comenta que é entendible o que di, pero que o último centro de FP que se abriu en Vigo foi no ano 85 en Teis. É obvio que se precisan máis centros e que é complicado, pero na moción o que queren é manifestar esta realidade, para que desde a administración competente se constrúan novos centros, se amplíen os que hai, se reutilicen espazos infrautilizados,... Que se tomen as decisións axeitadas para solucionar este problema. Esta é unha moción non a curto prazo, senón a nov meses, para que se estude de cara ao novo curso. Está claro que non é un tema fácil, pero despois de 30 anos sen construír un centro de FP xa é hora de ir tomando decisións.

Olga Alonso pensa que é preciso que haxa máis oferta de FP e que esta sexa de calidade e adaptada ás necesidades produtivas do entorno. Os mozos e mozas vigueses necesitan que se faga ese esforzo.

Fernando Vázquez auséntase da xuntanza sendo as 20:10

Jose Álvarez comenta que en España está a pirámide educativa invertida fronte a outros países como Alemaña. Explica que naquel país un 70% do alumnado estuda FP e un 30% Bacharelato e que aquí facemos ao revés.

Antonio Vázquez di que isto é certo pero que hai algo que tamén fai que cambie o caso de España e Alemaña. Explica que alí os empresarios buscan a aqueles traballadores/as formados en FP mentres que aquí os empresarios non lles dan importancia.

Tralo debate procédese á votación da moción:

#### Acordos adoptados

Apróbase a moción sobre a Formación Profesional con 14 votos a favor e 1 abstención e decídese remitila á Consellería de Educación

Yvonne Bouzas, Hadriana Prado e Jose Álvarez auséntase da xuntanza sendo as 20:15

#### 5.- Rogos e Suxestións

Purificación Bernárdez trae unha petición do IES Politécnico. Explica que este centro ten unha entrada e saída de garaxe que é moi perigosa. Como teñen réxime de adultos moito do alumnado vai en moto, aparcan nas beirarrúas co que tamén se



dificulta a visibilidade de saída do garaxe. Presentaron xa dúas solicitudes ao departamento de seguridade do Concello, o 4 de xullo e 8 de novembro de 2015. Nelas pedían que se habilitaran aparcamento para motos, para que non tiveran que aparcar nas beirarrúas e non impediran a visibilidade, e tamén solicitaban a instalación dun semáforo con pulsador para axilizar o tráfico no paso de cebra diante do centro xa que se colapsa cando saen os alumnos. Olga di que se informará sobre estas solicitudes e lémbrolla a tódolos presentes que cando fagan algún tipo de solicitude similar que lle manden copia ao seu departamento para que poidan facer seguemento.

Santiago Rodríguez fai un rogo que ten que ver cunha moción que el presentou á Permanente pero non se aceptou por entrar fóra do prazo establecido. Gustaríalle que se revisase o Regulamento, xa que aínda neste caso quedou respondido o que prantexaba nesta moción, para ocasións futuras pensa que sería interesante que calquera cousa que chega á Permanente, que ten como función preparar a orde do día do Pleno, se puidera tomar en consideración. Se chegou fisicamente á Permanente suxire que sería interesante que se valorase alí in situ e a Comisión fose quen decidira no momento se trasladala ao Pleno ou non. Olga Alonso explica que o procedemento habitual é que as mocións se traballen previamente nas Comisións de traballo. É por unha cuestión de dilixencia xa que non se pode por exemplo deixar que os Conselleiros acheguen mocións no apartado de rogos e preguntas da sesión Plenaria. Para axilizar os procesos hai que cumprir os procedementos e prazos, o que non quita que de igual xeito se tratara o tema prantexado. Santiago pregunta entón como tería que facer un Conselleiro que non está nunha comisión para presentar unha moción, ao que o Secretario lle responde que o procedemento sería que o fixera a través das comisións de traballo. Que calquera pode asistir a unha destas xuntanzas, traballala alí co equipo e incluso solicitar asistir á Com. Permanente para expor o caso, despois de traballalo previamente.

Nicolás Fernández expón o caso do seu Instituto, IES Castelao, no que teñen unha fotocopiadora en réxime de renting pola que pagan ao mes máis de 700€. Segundo os cálculos do secretario do centro, no mes de marzo, cando chega a partida da Xunta, está previsto chegar en números vermellos a causa deste gasto. Para anular o contrato a financeira pídelles 24.000€ porque o contrato vence en 2018. Falouse con inspección e xefatura territorial pero ninguén dá solución, polo que trae o tema ao CEMV. O Secretario explica que en todo caso iso é un tema que deben tratar no Consello Escolar de Centro. Nicolás explica que xa o trataron e que alí decidiron traelo a este órgano xa que nel está representada a administración educativa. Antonio Estévez toma nota do caso.

M<sup>a</sup> Carmen Rivas pregunta se habería forma de cubrir algunha das paradas de transporte escolar, xa que hai puntos como na Vía Norte, nos que os rapaces non teñen onde guarecerse e esperan a choiva. Olga Alonso di que vai preguntar cal é o procedemento e que informará debidamente.

Santiago Rodríguez roga que nas xuntanzas os concelleiros/as se cingan aos temas tratados, que cando se debata unha moción se fale dela exclusivamente para que non se eternicen as xuntanzas e que non se caia de novo no tema recorrente de ensino público contra concertado que xa se tratou tantas veces e ao mellor hai que intentar mantelo á marxe, e que se entenda ben, non é por eludir o debate nin evitar o conflito é para que cada cuestión que se trate non se converta no gran debate público-

concertado. A este respecto Bertila Fernández, en nome de FOANPAS, comenta que van avogar pola sana convivencia no seo do CEMV pero sempre en defensa do ensino público.

A Presidenta agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 20:40h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez